



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (II)

VALLE-INCLÁN EN GALEGO

VALLE-INCLÁN E A «SOCIEDAD DE LOS AMIGOS DE GALICIA»

EL MAR AROSANO EN VALLE-INCLÁN

O CINEMA E O RETABLO DE VALLE-INCLÁN

*MÁS ALLÁ DE LA ADAPTACIÓN. PRESENCIA DE VALLE-INCLÁN
EN EL CINE ESPAÑOL*

DEL CINE Y SUS ALREDEDORES EN VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN: LA DISPARIDAD DE LO TRÁGICO

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xullo de 2004

Director:
Gonzalo Allegue

Subdirector:
Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de Redacción
Víctor Viana

Consello de Redacción:
Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Marcela Santórun (*ilustración capa*)
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:
Nieves Loperena

Imprime:
Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

SUMARIO:

Xosé Luis Axeitos:
O valleinclanismo na cultura galega (II) pax. 5

Francisco X. Charlín Pérez:
Valle-Inclán en galego.....pax. 12

Xoán Guitián:
Valle-Inclán e a «Sociedad de los Amigos de Galicia».....pax. 33

Jesús Blanco García:
El mar arosano en Valle-Inclán.....pax. 43

Eulogio R. Ruibal:
O cinema e o Retablo de Valle-Inclán.....pax. 54

José Luis Castro de Paz:
Más allá de la adaptación. Presencia de Valle-Inclán en el cine español.....pax. 64

Luis Miguel Fernández:
Del cine y sus alrededores en Valle-Inclán.....pax. 76

Juan A. Hernández Les:
Valle-Inclán: la disparidad de lo trágico.....pax. 86

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



Cuadrante é membro de ARCE,
(Asociación de Revistas Culturais de España).



VALLE-INCLÁN E A «SOCIEDAD DE LOS AMIGOS DE GALICIA»

Xoán Guitián

No ano 1925 don Ramón M^a del Valle-Inclán vive en Galicia, concretamente na Pobra do Caramiñal. Aquí leva xa varios anos, aquí naceron varios dos seus fillos e aquí ten establecidas intensas relacións cun círculo de amizades, algunhas delas relacionadas co mundo cultural e intelectual do país. Estas relacións galegas non lle impiden a don Ramón manter os seus contactos cos ambientes culturais e artísticos de Madrid, cidade á que viaxa con frecuencia desde Galicia para atender asuntos relacionados coa edición das súas obras, representacións teatrais, etc.

Neste contexto aparece publicado no xornal *Galicia* de Vigo correspondente ao día 9 de febreiro de 1925 un artigo asinado por Gerardo Gasset Neyra, amigo pobrense de Valle-Inclán, no que o autor relata unha longa conversa mantida co escritor sobre a situación galega¹. No decurso desa conversa don Ramón expresa o seu escepticismo en relación co movemento e as iniciativas orientadas á defensa dos dereitos de Galicia que naqueles anos se viñan desenvolvendo no país. Fronte ás afirmacións de Gasset verbo da existencia dun ambiente rexionalista avanzado e dun movemento literario da mesma tendencia, Valle-Inclán afirma: «No estoy conforme con Usted. Creo que no hay nada».

Toda a primeira metade do artigo de Gasset ofrece a imaxe dun Valle-Inclán desencantado coa situación de Galicia e as súas perspectivas de futuro, pero pouco máis adiante é o propio don Ramón quen introduce no discurso algúns trazos esperanzadores. Así, referíndose ás opinións de Gasset, afirma:

¹ GASSET NEYRA, G.: «La profecía de don Ramón» en *Galicia*, 475 (9 de febreiro de 1924)

«Y sin embargo, esas débiles fuerzas que a Usted se le antojaban tan grandes y capaces, esa pobre literatura y ese sentimiento regional instintivo y en mantillas, tiene un valor, porque ningún movimiento de opinión se produce en balde.

Y ese mismo sentimiento que a Usted le llevaba hasta la ilusión y que con Usted compartirán muchos jóvenes de Galicia es muy de tener en cuenta por su calidad de índice. El sentir de la juventud, siempre altruista, indica la realidad política del futuro. Por eso suele desempeñar un papel de constante oposición a lo constituido».

Na mesma liña, Valle-Inclán afirma máis adiante:

«En resumen, yo creo que hoy por hoy, no hay un verdadero y definido sentido regional, pero si una aspiración libre y difusa.

Todavía estamos en el momento de predicar la primera cruzada, la cruzada del entusiasmo».

O artigo rematará con parágrafos de ton máis pesimista nos que se recollen críticas de don Ramón ó movemento existente en Galicia, ao que cualifica despectivamente

como «regionalismo de juegos florales», pero malia ese pesimismo final é evidente que non hai nas opinións verquidas por don Ramón ó longo da conversa hostilidade contra a idea rexionalista e si unha certa visión esperanzada do futuro. Frases como «el sentir de la juventud (...) indica la realidad política del futuro» ou «todavía estamos a tiempo de predicar la primera cruzada, la cruzada del entusiasmo» son ben claras ao respecto. O que se pode apreciar nas opinións de don Ramón é unha dura crítica, non tanto ás ideas rexionalistas en si mesmas, como á práctica desenvolvida ata entón polos rexionalistas galegos, unha actividade que en opinión do escritor carecería de peso e valor reais.

A INICIATIVA DE MONDARIZ

O artigo que vimos de comentar serve como introducción para mellor situar no seu contexto o asunto central do noso traballo: nos días finais do verán de 1925 ten lugar en Mondariz a constitución da «Sociedad de los Amigos de Galicia». Certamente, a creación dunha sociedade preocupada polos problemas de Galicia non debería constituír, na Galicia daqueles anos especialmente rica en iniciativas rexionalistas, unha nova de especial interese, pero a creación da sociedade á que nos referimos adquire ese carácter excepcional en virtude das personalidades que a promoven.

A finais do verán de 1925 Ramón del Valle-Inclán visita o balneario de Mondariz. A noticia da presenza de Valle-Inclán en Mondariz é recollida pola revista da propia estación balnearia, *La temporada en Mondariz*, no seu número correspondente ao domingo 30 de agosto de 1925². Na portada deste número aparece unha fotografía de Valle-Inclán sentado nun banco do xardín do balneario na compañía de outras catro persoas

² *La temporada en Mondariz*. Ano XXXVII, 13 (30 de agosto de 1925)



Victoriano García Martí.

das que non se revela a identidade. O pé de foto aporta xa as primeiras informacións de interese sobre esta visita:

«En la última semana nos honró con su visita, permaneciendo entre nosotros desde el día 24 al 27, el egregio escritor don Ramón del Valle-Inclán.- El gran don Ramón realizó aquí uno de sus frecuentes milagros: detener el curso de las horas en que su palabra de maravilla cayó sobre las almas en lluvia luminosa y fecundante, generando la emoción. -Le acompañó en su visita nuestro buen amigo el conocido publicista don Victoriano García Martí».

A mesma fotografía foi reproducida máis recentemente en numerosas publicacións, entre elas no libro *Galicia: o oficio de vivir*, da autoría de Gonzalo Allegue³.

³ ALLEGUE, G.: *Galicia: o oficio de vivir. A terra*. Vigo: Nigra, 1991, p. 132

Nada nos di a revista de Mondariz das actividades desenvolvidas no balneario por Valle-Inclán, polo que, en principio, habería que pensar nunha estancia ordinaria de repouso como as de tantos concorrentes ao establecemento balneario, pero o día 17 de setembro de 1925 aparece no xornal *La Voz de Galicia* de A Coruña unha columna titulada «Una iniciativa. Los amigos de Galicia»⁴ facéndose eco da publicación no madrileño diario *La Voz* dun artigo asinado por Victoriano García Martí. O intelectual pobrense dá conta nese xornal de Madrid da constitución en Mondariz da «Sociedad de los Amigos de Galicia», froito duna iniciativa promovida por Enrique Peinador, Ramón Cabanillas, Ramón del Valle-Inclán e o propio García Martí.

La Voz de Galicia recolle, como dicimos, o artigo publicado en Madrid por García Martí, pero engádelle algúns comentarios. Nun dos parágrafos iniciais do artigo de *La Voz de Galicia* cualifícase aos promotores da iniciativa de Mondariz de «personalidades de tanto relieve y galleguismo tan probado», pasando de seguido a reproducir algunhas liñas do texto publicado días antes por don Victoriano en Madrid, texto que contén interesante información sobre a devandita «Sociedad».

Segundo García Martí, «trátase de crear la Sociedad de los Amigos de Galicia, que no tendría carácter político ni siquiera de exclusivismo, porque se admitirán en ella a cuantos sin ser hijos de esta tierra sean devotos de ella». En relación coas finalidades da sociedade, don Victoriano menciona expresamente «hacer un inventario de nuestros tesoros artísticos y, de ser posible, un museo de nuestras cosas viejas. Además propone patrocinar el estudio documentado de nuestros archivos».

Estamos, xa que logo, diante dunha iniciativa de carácter cultural que ten por ob-

xectivo a defensa do noso patrimonio entendido nun senso amplo nas súas vertentes histórico-artística, museística e documental. Sobre a paternidade da idea nada definitivo aporta o texto de García Martí, limitándose a expresións vagas como «surge entre nosotros una admirable iniciativa» ou «He aquí la importante iniciativa que al contemplar esa maravillosa obra de Mondariz se nos ocurre a un grupo de amigos que aquí coincidimos».


Na nosa opinión, non se pode deducir do contido do texto de García Martí reproducido en *La Voz de Galicia* a existencia dunha tertulia máis ou menos estable en Mondariz coa participación das devanditas personalidades. Coñecemos pola nota publicada en *La temporada en Mondariz* citada en páxinas anteriores o dato de que Valle-Inclán permaneceu no balneario entre os días 24 e 27 de agosto de 1925, breve estancia que García Martí cualifica como «excursión».

Pero o xornal coruñés non se limita na súa columna do día 17 de setembro a reproducir o texto de García Martí senón que aproveita para engadir varios parágrafos con comentarios sobre a iniciativa:

«Lo transcripto basta para que los lectores se den cuenta del alcance e importancia de la iniciativa y de su amplio espíritu, tan lejos de los exclusivismos que han malogrado con su estrechez de miras no pocos movimientos que pudieron ser beneficiosos para Galicia. El nombre de Cabanillas adscrito a esta idea debe ser —suponemos— garantía suficiente para los “ortodoxos” del galleguismo y los de Valle-Inclán, García Martí y Peinador habrán de serlo también para los que pudieran temer que la nueva entidad siguiera derroteros que la práctica ha demostrado ser equivocados.

Si a ello se añade que la nueva entidad ha de perseguir finalidades concretas y positivas, como las apuntadas y otras que irán surgiendo, será obvio decir que cuantos amamos a Galicia hemos de secundar la afortunada iniciativa, cooperar a su mejor éxito y alistarnos en las filas de una asociación de tan bastas miras y de tan amplio espíritu que para pertene-

⁴ «Una iniciativa. Los amigos de Galicia», en *La Voz de Galicia* (17 de setembro de 1925), p. 2



Reunión en Mondariz no verán de 1925. De esquerda a dereita, Vicente Riestra, Enrique Peinador, Ramón de Valle-Inclán, Ramón Cabanillas e Victoriano García Martí.

cer a ella no es preciso ostentar otro título que el de querer a la tierra gallega con cariño entrañable».

Cómpre chamar a atención sobre o feito de que o redactor de *La Voz de Galicia* considere, no primeiro parágrafo, a Cabanillas e Peinador como garantes de dúas concepcións opostas do galeguismo, situando ao poeta de Cambados na liña do galeguismo ortodoxo e a Peinador nunca tendencia oposta e pouco definida, de par de García Martí e Valle-Inclán.

Un día despois da publicación deste artigo en *La Voz de Galicia*, publícase outro en *El Faro de Vigo* titulado «Una iniciativa. La Sociedad de los Amigos de Galicia»⁵ no que se transcribe textualmente o artigo publicado en *La Voz de Galicia*, pero suprimindo os parágrafos finais de comentarios.

⁵ «Una iniciativa. La Sociedad de los Amigos de Galicia», en *el Faro de Vigo* (18 de setembro de 1925), p. 8

Neses parágrafos o columnista de *La Voz de Galicia* evitaba a mención expresa das persoas ou organizacións ás que ían dirixidas expresións críticas como «amplio espíritu tan lejos de los exclusivismos», «estrecheces de miras» ou «derroteros que la práctica ha demostrado ser equivocados», pero a alusión ao galeguismo político do momento era moi evidente. Así o entenderon os propios galeguistas que a través do seu voceiro *A Nosa Terra* recolleron tamén a nova da constitución da Sociedad de los Amigos de Galicia en Mondariz e aproveitaron a ocasión para responder aos comentarios de *La Voz de Galicia*⁶.

«Se permite —di *A Nosa Terra* referíndose a *La Voz de Galicia*— facer unhas dereitas alusións que por estar tan craras non é preciso cavar moito para ver a quen van dirixidas».

⁶ «Os Amigos de Galicia», en *A Nosa Terra*, Ano IX, 217 (1 de outono de 1925), p. 11.

OS PROTAGONISTAS


Faciamos referencia en páxinas anteriores á fotografía na que aparece Valle-Inclán no xardín de Mondariz acompañado por outras catro persoas, fotografía que, sen dúbida, corresponde aos días da constitución da Sociedad de los Amigos de Galicia. Quizais conveña deterse un intre para situar ás persoas retratadas nesa fotografía.

Un dos fotografados é Enrique Peinador Lines (Pontevedra, 1876 - Vigo, 1940). Enrique era un dos fillos de don Enrique Peinador y Vela, fundador e propietario do balneario de Mondariz. Peinador Lines, responsable do balneario e do Gran Hotel e dono duna gran fortuna persoal, converteuse nun verdadeiro mecenas patrocinando actividades artísticas e culturais, nomeadamente aquelas de orientación galeguista. En *A Nosa Terra*, voceiro dese movemento, son continuas a referencias eloxiosas a Enrique Peinador e a súa familia, gabando a súa xenerosidade e patriotismo. Vexamos un exemplo:

«O vello don Enrique Peinador, xa finado, foi fundador d'unha aristocracia nova, a que se fixo carne nos seus fillos e que compre grabar e sinalar a tódol-os bos galegos. Y-estes fillos cultos, simpáticos, amabres, mundanos, cheios d'amor á Terra, fan por ela sen cansanzo nen acougo, o que non fixeron os políticos i-os ricos nados na Galiza».⁷

Outro dos participantes na iniciativa é Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959). Non resulta estraña a presenza na iniciativa de Mondariz de Cabanillas, o chamado Poeta da Raza. Gran amigo de Peinador e visitante asiduo do balneario, a súa relación con Mondariz é comentada por Francisco Rodríguez coas seguintes palabras:

⁷ RODRIGUEZ SÁNCHEZ, F.: «O Mariscal, un modelo de redención» en «Ramón Cabanillas, camiño adiante», *A Nosa Terra. A Nosa Cultura*, 10, Vigo (s.d.), p. 28, nota 14.



Ramón Cabanillas. Debuxo de Castelao.

A publicación galeguista reconece de seguido que a presenza de Cabanillas e Peinador é para eles garantía de que «a nova agrupación non será un cursi botafumeiro da Galicia meiga, da rula viuda, da pequena patria», pero evita pronunciarse sobre a presenza dos demais participantes alegando que «non é este o momento adecuado para facer un estado comparativo entre un e outro galeguismo». O artigo de *A Nosa Terra* remata dicindo «Excusado é decir que nós, dende o noso posto diáfano e ben determinado, estamos d'acordo coa idea e prestaremos a ela a nosa axuda».

Véxase como para *A Nosa Terra* a presenza de Peinador merece unha lectura moi diferente da ofrecida por *La Voz de Galicia*, xa que agora don Enrique aparece, con Ramón Cabanillas, como garante da vontade galeguista da iniciativa.

«Velaí o papel xogado pola familia Peinador tanto en xeral como en relación específica ou particular con Cabanillas. O balneario de Mondariz convertiu-se en centro de actividades galeguistas»⁸.

Mostra da relación estreita de Cabanillas con Mondariz e co seu propietario Enrique Peinador é o feito de que o ingreso do poeta na Real Academia Galega tivese lugar nun solemne acto celebrado na estación balnearia en 1920. Foi esta a primeira ocasión na que a Academia celebrou sesión fora da súa sede, un acto solemne no que ingresou tamén na docta institución o poeta Rey Soto. Nese mesmo ano 1920 Cabanillas asina no Álbum de Honor do balneario acompañando a sinatura cun pequeno poema.⁹ Será tamén en Mondariz onde se editen, baixo o mecenado de Peinador, varias das obras do poeta. É o caso de *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927) e *Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal* (1930).

O terceiro dos participantes no encontro de Mondariz presenta algunhas dificultades de identificación. Para algúns estudiosos trataríase de Armando Cotarelo Valledor, mentres para outros sería Vicente Riestra Calderón. *A Nosa Terra* é única publicación, de entre as que nos pasados anos recolleron a fotografía, que ofrece nomes e apelidos dos fotografados, e identifica ao personaxe sentado á esquerda como Vicente Riestra, identificación que compartimos.

Vicente Riestra Calderón era membro dunha coñecida familia pontevedresa. Coursou estudos en España e no estranxeiro acadando o título de Enxeñeiro Industrial. Militante, como toda a súa familia, do Partido Liberal, centrou a súa actividade política no distrito da Estrada, polo que foi deputado entre os anos 1916 e 1923.

⁸ *Ibid.* p. 28

⁹ *Libro de Ouro do Balneario de Mondariz*. Pontevedra: Serv. de Publicacións da Deputación Provincial e Fundación Mondariz-Balneario, 1999

O seguinte contertullo é Victoriano García Martí (A Pobra do Caramiñal, 1881-Santiago de Compostela, 1966), ensaísta, pensador e escritor, académico da Real Academia Española e académico de honor da Real Academia Galega. Foi tamén secretario do Ateneo de Madrid baixo a presidencia de Ramón del Valle-Inclán, con quen mantivo unha estreita amizade ao longo de décadas. Republicano convencido, mantivo posicións galeguistas moderadas sempre fora das estruturas do galeguismo político organizado. Algunhas testemuñas consultadas atribúen a García Martí unha notable influencia sobre Valle-Inclán no seu proceso de achegamento á sensibilidade rexionalista. A presenza de don Victoriano en Mondariz explícase polo seu pensamento galeguista moderado, pero tamén polo papel de asiduo acompañante de Valle-Inclán que asumiu durante moitos anos.

Evidentemente non é necesaria ningunha explicación verbo da personalidade de don Ramón del Valle-Inclán, un dos máximos expoñentes da literatura española daquel tempo e de tódolos tempos. A presenza de don Ramón del Valle-Inclán en Mondariz debe entenderse no contexto do achegamento á chamada «cuestión galega» e á problemática xeral do país que o escritor de Vilanova experimenta nos anos finais da súa estada en Galicia. Neste mesmo senso é significativo o contido dun curioso artigo asinado por García Martí e publicado no xornal madrileño *La Voz* en agosto de 1925, no que se dá conta de varias ideas de Valle-Inclán. Propón don Ramón, por unha parte, unha reorganización territorial que considere á Ría de Arousa como unha unidade administrativa, dando carácter oficial ao que —segundo García Martí— xa existía desde sempre na realidade. A outra idea é a instalación en Galicia, e concretamente na vila de Padrón, de delegacións da Junta para Ampliación de Estudos e da Residencia de Estudiantes a fin de impulsar o estudo e a investigación apli-

cados á realidade galega como xeito de loitar contra o atraso científico e cultural do país¹⁰.

A RECEPCIÓN DA INICIATIVA EN AMÉRICA

A nova da constitución da Sociedad de los Amigos de Galicia, xa difundida nos xornais galegos e de Madrid, salta ben cedo o Atlántico sendo recollida nas páxinas da revista *Céltiga*, publicación do ámbito da emigración galega na República Arxentina subtitulada «Revista gallega de Arte, crítica literaria y actualidades». O número 19 desta publicación ofrece na súa sección «El momento de Galicia» unha breve pero interesante nota titulada «Don Ramón» na que se informa en ton entusiasta da iniciativa de Mondariz¹¹.

O texto completo é o seguinte:

«Don Ramón

Acaba de darse forma real en Galicia a una idea soberbia de Don Ramón del Valle Inclán.

Bajo el patrocinio de Cabanillas y Enrique Peinador se constituyó la Sociedad Amigos de Galicia de elevados propósitos galleguistas. Hace tiempo que presentíamos y esperábamos este acercamiento generoso de Don Ramón a la causa de Galicia. Es verdad que nadie pudo decir hasta ahora que el gran gallego fuese ni ajeno ni hostil al movimiento nacionalista. Su obra grandiosa y soberbia y su propia vida, pródiga en gestos desconcertantes, esquivan una definición clara de su ideología. Y los gestos de Don Ramón fueron siempre rutilantes. Esperemos ahora el gesto decisivo, heroico y salvador».

¹⁰. GARCÍA MARTÍ, V.: «Por tierras gallegas. Hacia una nueva Galicia. Una iniciativa para la Junta de Ampliación de Estudios. El pensamiento de Valle-Inclán», en *La Voz* (21 de agosto de 1925), p.3

¹¹. «Don Ramón», en *Céltiga*, 19 (10 de outubro de 1925)

Hai neste breve texto diversos aspectos que merecen un comentario demorado. En primeiro lugar, cómpre chamar a atención sobre a présa coa que se publica a noticia da constitución da sociedade en Bos Aires. Desde a súa publicación en *La Voz de Galicia* (17/9/1925) ata a publicación en *Céltiga* (10/10/1925) pasaron pouco máis de 20 días, un prazo moi curto se o comparamos coa demora habitual coa que se publicaban as noticias de Galicia nos medios da emigración americana.

En segundo lugar, interesa sinalar que na breve nota de *Céltiga* faise referencia a Peinador, Cabanillas e Valle-Inclán, pero non a García Martí, que aparece en tódalas demais referencias xornalísticas que vimos comentando. A omisión do nome de don Victoriano é explicable tendo en conta que o escritor da Pobra era máis novo e menos coñecido, tanto en Galicia como en América, que os contertulios que si aparecen citados no texto.

Outro aspecto interesante é a atribución que se fai da paternidade da iniciativa a «una idea soberbia de Don Ramón del Valle Inclán». Lémbrese que tanto no artigo publicado por García Martí no xornal *La Voz* de Madrid como nos comentarios publicados posteriormente en *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* ou *A Nosa Terra*, non se fai referencia algunha a esta cuestión, non sendo con frases vagas ás que nos referimos en páxinas anteriores.

Pero sen dúbida o aspecto que máis chama a atención na nota de *Céltiga* é a asimilación que a revista fai da iniciativa de Mondariz co movemento nacionalista galego. É certo que, nun senso amplo e exclusivamente cultural do termo, pode considerarse a fundación da Sociedad de los Amigos de Galicia como unha iniciativa galeguista, pero en ningún caso a preocupación polo patrimonio cultural, os museos e os arquivos de Galicia pode identificarse por si mesma como unha proba de simpatía polo movemento nacionalista. É importante lembrar verbo desta cuestión a afirmación de García Martí de que a sociedade



Publicidade do balneario de Mondariz.

fundada en Mondariz rexeitaba a posibilidade de ter carácter político, afirmación que entraría en contradicción coa lectura realizada polo comentarista de *Céltiga*.

O GALEGUISMO «OFICIAL» E A FIGURA DE VALLE-INCLÁN

Como tivemos ocasión de comprobar en páxinas anteriores, a actitude do galeguismo fronte á figura e actividades de Don Ramón, e máis concretamente fronte á iniciativa de Mondariz, foi de receo e desconfianza. Xa cinco anos antes, *A Nosa Terra* publicara un duro comentario sobre Don Ramón que remataba coas seguintes liñas:

«Pro Don Ramón non fixo na vida máis qu'enriquecer o castelán a conta do galego. Il levou da nosa lingua frases, xiros, modismos,

verbas de que hoxe s'ufana o castelán, que s'atopa que campa moi ben esí adornado de galas alleas. Don Ramón levou para casa allea os bés da sua casa, misturou o viño das suas terras pr'endulzar o viño acedo do veciño, adornou á súa querida coas alaxas da sua muller.

Eis o galeguismo de Valle-Inclán...
E nós, como lle imos querer ben?»¹²

Velaí a visión que o voceiro do galeguismo tiña no ano 1920 da orixinalidade literaria de Valle-Inclán, da súa asombrosa capacidade para crear un xeito propio e inconfundible de expresión mediante a incorporación ao castelán de xiros e termos galegos, unha das súas grandes achegas literarias. Diante de tal mostra de incomprensión é doado entender que Valle-Inclán non se sentira especialmente atra-

¹² «Valle-Inclán ultraísta», en *A Nosa Terra*, ano IV, 216 (20 de agosto de 1920), p. 5

ído polo movemento nacionalista organizado e que, por outra parte, a creación da Sociedad de los Amigos de Galicia en Mondariz non sentara ben no seo dese movemento. Poderíamos recoller aquí outras moitas mostras dese clima de desconfianza ou incompreensión, pero cómpre en calquera caso sinalar que esa desconfianza manifestada por *A Nosa Terra* cara a don Ramón non foi compartida nunca por algunhas das máis importantes figuras do galeguismo político e cultural, como Castelao, os Dieste ou Cabanillas, que mantiveron unha fonda admiración cara o escritor.

Resulta interesante e aleccionadora a lectura do artigo publicado anos despois, tamén en *A Nosa Terra*, con motivo da morte de Valle-Inclán en xaneiro de 1936, artigo do que tiramos os seguintes parágrafos:

«Tense discutido moito a prol de si a obra de Valle-Inclán era ou non unha obra galega. Nós coidamos que si. Galega pola forma e galega polo espírito que a animou. Si o gran D.Ramón non fose galego non podería ofender a literatura nacional a orixinalidade que tiña a súa xurdia produción.

El, que conoseceu total-as roitas, que nelas levou sempre o noso espírito universalizándoo (...)

Morreu Valle-Inclán e con él ademais de desaparecer unha senlleira figura universal, vaise a única representación auténtica da nosa Galicia fora dos eidos patrios»¹³.

Non estamos diante dunha nota necrolóxica de compromiso, senón diante dunha clara manifestación de entusiasmo pola figura do escritor desaparecido. Repárese en frases como «(obra) galega pola forma e galega polo espírito que a animou», «levou sempre o noso espírito universalizándoo» ou a aínda máis radical «vaise a única representación auténtica da nosa Galicia».

¹³ «Valle-Inclán», en *A Nosa Terra. Boletín do Partido Galeguista*, s.d. (xaneiro 1936) p. 1

Non interesa aquí facer unha análise pormenorizada sobre a actitude do galeguismo fronte a Valle-Inclán, senón apuntar a existencia de cambios de posición e opinións cointradictorias no seo dese movemento. A contradicción existente entre a posición manifestada no último artigo citado e a expresada no artigo aparecido anos antes na mesma publicación ten unha difícil explicación. Habería que falar da existencia de diversas sensibilidades no seo do Partido Galeguista¹⁴, pero tamén podería tratarse dun movemento de acomodación por parte do galeguismo fronte á enorme popularidade e prestixio de Don Ramón no intre da súa morte, popularidade e prestixio conquistados polo seu inxente labor literario pero tamén polo seu compromiso cívico e polas súas conviccións republicanas e antifascistas.

CONCLUSIÓNS

A idea de crear unha sociedade chamada Sociedad de los Amigos de Galicia, destinada a traballar a prol da conservación do patrimonio histórico, artístico e documental de Galicia, pode inserirse plenamente no espírito de recuperación cultural do país do que é a mellor mostra a constitución por aqueles anos, concretamente en 1923, do Seminario de Estudos Galegos.

A presenza de Cabanillas e Peinador, membros destacados do movemento galeguista, na xuntanza de Mondariz de par de Valle-Inclán, Vicente Riestra e García Martí, sitúa indiscutiblemente a constitución da Sociedad de los Amigos de Galicia no contexto do galeguismo, se ben habería que ma-


¹⁴ Vid. GONZALEZ-MILLAN, X.: «Valle-Inclán en *A Nosa Terra*: la actitud crítica de Vicente Risco», en *Letras Españolas Contemporáneas. Homenaje a José Luis Varela*. Alacalá de Henares: Centro de Estudios Cervantinos, 1995; e GONZALEZ-MILLAN, X.: «Valle-Inclán y la revista *Nós*», en *Revista Hispánica Moderna*, 45 (1992) pp. 35-44

tizar esta afirmación falando do seu carácter artístico-cultural e non político. Resulta evidente que só nese ámbito cultural e artístico sería posible o encontro e a coincidencia entre personalidades tan dispares como Cabanillas e Riestra, por citar só dous nomes. Interesa tamén destacar a presenza de Peinador, persoa cunha amplísima visión da cultura e mecenas xeneroso, sempre disposto a participar en iniciativas a prol do progreso material e cultural de Galicia.

En canto ás lecturas que se poden facer da iniciativa, non nos parece correcta a interpretación realizada pola revista *Céltiga*, que interpreta a fundación da Sociedad de los Amigos de Galicia como un acto de achegamento de Valle-Inclán ao nacionalismo galego, porque o nacionalismo é unha opción política mentres a Sociedad é unha entidade voluntaria e explicitamente allea a ese ámbito de actuación.

En calquera caso, ninguén poderá discutir que a iniciativa de Mondariz estaba destinada a traballar en favor dos intereses de Galicia, do seu patrimonio e da súa cultura e que, nese senso, habería que considerala unha iniciativa plenamente galeguista. A participación de Valle-Inclán na creación desta sociedade galeguista de carácter

cultural ven contradicir a tópica imaxe dun Valle-Inclán desvencellado da realidade galega ou despreocupado en relación cos problemas do país. Outra cousa é o seu posicionamento fronte ao galeguismo politicamente organizado, fronte ao nacionalismo galego, co que don Ramón mantivo sempre diferencias importantes.



Valle-Inclán. Fotografía de Alfonso.

Sorprende a existencia de moi diferentes valoracións contidas en distintos artigos publicados ao longo do tempo en *A Nosa Terra* e en *Nós* en relación coa personalidade de Valle-Inclán, o que nos leva a pensar na existencia de diversas sensibilidades no seo do movemento nacionalista. Son ben coñecidas as diverxencias de criterio neste senso entre primeiras figuras do nacionalismo como Vicente Risco por unha banda, e Castelao, Cabanillas ou Paz Andrade por outra, diverxencias que moi probablemente non son máis que un reflexo da diversidade de criterios e

de talantes existentes no seo da militancia galeguista.¹⁵

¹⁵. Sobre esta cuestión, ademais dos traballos de GONZALEZ MILLAN xa citados, pode consultarse X.L. AXEITOS: «O valleinclanismo na cultura galega (I)», en *Cuadrante*, 8 (xaneiro 2004). pp. 5-19




CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA



**CAIXA
GALICIA**

REPSOL
YPF



PREMIOS
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



PREMIO DE ENSAIO
"MANUEL MURGUÍA"
Admisión de orixinais ata: 30 de setembro de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



VI PREMIO DE FOTOGRAFÍA
"LUIS KSADO"
Admisión de orixinais ata: 30 de setembro de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



PREMIO DE LITERATURA
INFANTIL E XUVENIL
"RAÑA LUPA"
Admisión de orixinais ata: 16 de agosto de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €

Asociación "Amigos de Valle-Inclán"

Servicio de Publicacións

Solicitud de suscripción anual ó SERVICIO DE PUBLICACIÓNs correspondente o ano 2004

TÍTULOS:

Revista:

Cuadrante nº8 (Xaneiro 2004)

Cuadrante nº9 (Xullo 2004)

Libros:

JAVIER SERRANO: *El Arte del Elogio. Eduardo Gómez de Baquero, Andrenio, lector ideal de Ramón del Valle-Inclán*

VICTOR VIANA: *Los otros Valle*

Importe da suscripción a estas publicacións: 30 euros

(As publicacións enviaranse ó longo do ano conforme se publiquen)



**Boletín de suscripción
SERVICIO DE PUBLICACIÓNs**



- Desexo suscribirme ás publicacións do ano 2004 do Servicio de Publicacións da Asociación "Amigos de Valle-Inclán" polo importe de 30 euros (incluidos os gastos de envío)

Nome:

Enderezo:

Código Postal:.....Localidade

Provincia.....Teléfono

FORMA DE PAGO:

- Talón bancario xiro postal nº

Domiciliación bancaria: Titular.....

Banco/Caixa:

Nº conta (20 díxitos):


Asinado:.....



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos



P.V.P.

5 €